

Campaña

Tes 10€ ?

Coa campaña "**Tes 10 €?**" convidamos a todos os que poidan a colaborar na financiación das obras que estamos a levar a cabo no Outeiro, o terreo onde se celebra a **Romaría das Pascuillas**. ***Este ano comezamos por explanar o local, facer algunha entrada máis, acondicionamento do altar da celebración da Eucaristía, axardinar un pequeno espazo homenaxe á Virxe e ós devotos da Nosa Señora da Franqueira, e, se fora posible, facer o peche da finca***

Son necesidades que van xurdindo para a celebración ,dun xeito cada vez máis digno, desta grande cita dos devotos da Virxe. Debemos ter en conta que na celebración da Misa solemne estanse reunindo máis de 4.000 fieis debaixo da carpa, e outros milleiros máis están fora. Os gastos para este encontro son moitos: carpas, son, aseos portátiles, e que suma moitos euros.

Non están os tempos moi bos para facer grandes obras, e esta, supón un investimento moi grande ó que non temos posibilidade de abordar. Por iso propoñemos nesta campaña:

- ***Aquelas persoas que queiran participando coa doazón de 10 € para axudar nesta fase do traballo.***
- ***Poden facelo na sacristía do Santuario, ou a través dun ingreso en conta en A Banca, solicitando antes o número, que por cuestións de seguridade preferimos non publicar.***
- ***Poñendo no momento da entrega o nome e apelidos e o nome da parroquia na que reside, facendo constar "campaña Franqueira".***
- ***Os nomes serán recollidos nunha lista para:***
 - Facer un pequeno monumento á Virxe dentro do recinto, que se irá ampliando, e no que constarán eses nomes como lembranza da súa colaboración.***
 - Estarán recollidos nun listado no que cada mes, na celebración do día 8, terase un recordo especial polas intencións dos benefactores do Santuario e dos seus defuntos.***
 - Poderán solicitar un recibo para a declaración da Renda.***

